

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Bolsa de práctica laboral

BASES DA CONVOCATORIA DE 25 BOLSAS DE PRÁCTICA LABORAL DE MESTRAS E MESTRES COMPOSTEIROS CON DESTINO AO PLAN COMPOST REVITALIZA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Con fundamento no artigo 35.2.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra acordou aprobar a convocatoria de 25 bolsas de práctica laboral para mestras e mestres composteiros na institución provincial, que se rexerán segundo as seguintes

BASES

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto regular a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de obxectividade e publicidade, de 25 bolsas de práctica laboral destinadas a persoas en situación de demanda de emprego ou de mellora de emprego coa finalidade de completar a súa formación na área da xestión dos residuos orgánicos de orixe doméstica de cara á súa incorporación ao mercado laboral como mestras e mestres composteiros.

Entre todos os concorrentes seleccionaranse a 30 aspirantes, que deberán realizar un curso teórico-práctico impartido por persoal especializado na materia, cunha duración de 6 semanas, co obxecto de formalos como mestras e mestres composteiros, de xeito que finalmente 25 deles resulten elixidos para exercer como asesores e animadores deste método de tratamento da materia orgánica de orixe domiciliaria naqueles concellos da provincia de Pontevedra que participen no “Plan Compost Revitaliza” posto en marcha desde a Deputación de Pontevedra.

Segunda. Condicións dos aspirantes

Poderán ser beneficiarias destas bolsas as persoas físicas que, tendo plena capacidade de obrar e non estando inhabilitadas para obter axudas e subvencións públicas, reúnan os seguintes requisitos:

1. Ter a nacionalidade española
2. Estar en posesión do título de bacharelato, ciclo superior de FP, grao, diplomatura, enxeñería, licenciatura ou equivalente. No caso de equivalencia ou homologación deberá xustificarse cun certificado expedido polo organismo competente para establecelas



3. Ter finalizados os estudos esixidos para esta bolsa con posterioridade ao 31 de decembro do ano 2009.

4. Non estar incapacitadas fisicamente nin padecer unha enfermidade que poida impedir o desenvolvemento da actividade obxecto da bolsa

5. Non estar a gozar na actualidade doutra bolsa dos plans de práctica laboral da Deputación de Pontevedra nin nos distintos centros ou servizos desta, nin en concellos ou empresas da provincia, e tomarase como referencia para tal efecto o período de tempo que transcorre desde a data da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) ata o día en que teña lugar a finalización do proceso de selección destas bolsas

6. Non ser beneficiarias dunha bolsa dos plans de práctica laboral da Deputación de Pontevedra nos distintos centros ou servizos nin nos concellos ou empresas da provincia durante os derradeiros doce meses, contados ata a data de publicación desta convocatoria

7. Estar inscritas no Servizo Público de Emprego como demandantes ou en mellora de emprego

8. Acreditar o coñecemento da lingua galega, nivel CELGA III ou superior

9. Non estar incursas nalgunha das prohibicións sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS)

10. Estar dispostas a realizar polos seus propios medios os desprazamentos aos centros de destino de traballo, considerando o Pazo provincial como o centro de orixe

Consideraranse como centros de destino basicamente os centros de compostaxe comunitaria (CCC), implantados pola provincia de Pontevedra e, eventualmente, tamén calquera punto da área veciñal cuberta polos CCC en cuestión, así como os lugares previstos para o depósito das podas e mais aqueles relacionados co proxecto que determinase o Concello

Terceira. Dotación económica e duración das bolsas

A dotación económica de cada unha das bolsas ascenderá aos 1.400,00 €/mes, que inclúe todos os gastos en que incorra a bolseira ou bolseiro en concepto de axudas de custo ou desprazamentos por razón da actividade que se vai desenvolver.

A duración das bolsas será de 1 ano desde a incorporación das persoas beneficiarias, prorrogables outro ano ata unha duración máxima da bolsa de 2 anos.

O pagamento das bolsas realizarase a partir da data de incorporación da persoa beneficiaria, por mensualidades completas ou a parte proporcional. Esta cantidade será incompatible con calquera outra actividade remunerada, calquera que sexa a súa natureza.



Cuarta. Presentación de solicitudes

1. As solicitudes de participación nesta convocatoria deberán presentarse da seguinte forma:

1) En primeiro lugar, será necesario realizar unha preinscripción a través páxina web da Deputación de Pontevedra (www.depo.es) e deberase para tal efecto:

- Cubrir os datos solicitados na páxina web correspondentes ao modelo oficial de solicitude e premer en “enviar”
- Descargar e imprimir o xustificante electrónico xerado pola páxina web despois da realización do envío. Este xustificante incluírá un código único de preinscripción

2) A continuación deberase presentar o xustificante electrónico xerado durante o proceso de preinscripción, debidamente asinado e dentro do prazo establecido, no Rexistro xeral da Deputación en Pontevedra (avda. Montero Ríos, s/n,) en horario de 8:30 a 14:30 horas e de 17:00 a 19:00 horas de luns a venres, e de 9:00 a 13:00 horas, no da súa sede de Vigo (rúa Oporto, 3, de luns a venres) ou a través dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), xunto coa seguinte documentación:

- a) Fotocopia do documento nacional de identidade en vigor ou calquera outro que o substitúa
- b) Documento acreditativo da titulación esixida ou de estar en condicións de obtela na data que remate o prazo para presentar as solicitudes
- c) Certificado acreditativo correspondente do coñecemento da lingua galega
- d) Declaración xurada na que a persoa interesada se comprometa a renunciar, se fose seleccionada, a calquera tipo de actividade remunerada durante a vixencia da bolsa
- e) Certificado que acredite non estar incapacitada ou incapacitado fisicamente nin padecer enfermidade que poida impedir o desenvolvemento da actividade que constituía o obxecto da bolsa, ou declaración xurada da persoa solicitante conforme cumpre este requisito
- f) Fotocopia da tarxeta de demanda de emprego ou de mellora de emprego actualizada
- g) Declaración xurada de non ser beneficiaria ou beneficiario doutra bolsa dos plans de práctica laboral da Deputación nos distintos centros ou servizos nin nos concellos ou empresas da provincia, nin na actualidade nin nos últimos doce meses, contados ata a data da publicación desta convocatoria
- h) Declaración xurada de non ser na actualidade nin nos últimos doce meses beneficiaria ou beneficiario doutra bolsa remunerada nos extinguidos organismos autónomos
- i) Declaración xurada de estar disposta ou disposto a realizar os desprazamentos polos medios propios desde o centro de orixe de traballo ata os centros de destino

2. O prazo de presentación de solicitudes será de dez días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no BOPPO



3. Para presentaren as instancias as persoas solicitantes estarán ao disposto no artigo 23, apartados 3, 4 e 5 da LXS, en todo o que sexa aplicable, ademais do recollido no apartado primeiro desta cláusula

Quinta. Emendas

1. Unha vez expirado o prazo de presentación de instancias, a institución provincial ditará unha resolución na que se declare aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas e na que se especifiquen, no seu caso, os motivos de exclusión, que será publicada en www.depo.es e no taboleiro de anuncios.

2. As persoas aspirantes excluídas ou omitidas disporán dun prazo de tres días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución, para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a súa exclusión. No suposto de producirse reclamacións deberá ditarse unha nova resolución que as estime ou desestime e aprobe a lista definitiva, que será publicada na web e no taboleiro de anuncios da Deputación.

Sexta. Instrución do procedemento

O Servizo de Recursos Humanos e Formación será o competente para instruír o procedemento derivado desta convocatoria en todas as súas fases.

Sétima. Comisión de selección

Para a selección das bolseiras e bolseiros constituirase unha comisión que estará integrada polos seguintes membros:

- Presidenta/e: unha/un xefa/e de servizo ou de centro do organismo provincial
- Vogais: tres funcionarias/os de carreira da Deputación
- Secretario: o da institución provincial ou a/o funcionaria/o de carreira con titulación superior en quen delegue

Oitava. Selección das bolseiras e bolseiros

O proceso de selección desenvolverase en tres fases.

PRIMEIRA FASE. Exercicio tipo test, de carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en responder por escrito a un test de 100 preguntas con varias respostas alternativas relacionadas cos residuos orgánicos de orixe doméstica, consonte o seguinte programa:

- Tema 1. Conceptos básicos de bioloxía, química e bioquímica: conceptos de reacción e cálculos asociados (estequiométricos). Procesos encimáticos. Coñecementos sobre bacterias, fungos etc.
- Tema 2. Coñecementos sobre conservación do medio: solo, auga e atmosfera. Relación MO-solo. MO-productividade. MO-desertización



- Tema 3. Efectos dos residuos: ámbito local e global. Efectos dos residuos segundo o tipo (sólido, líquido e gasoso). Importancia da FORM sobre o fluxo residual global
- Tema 4. Conceptos básicos sobre tecnoloxías e tratamentos dos residuos, incluíndo:
 - Vertedoiros, tipos e tecnoloxías (alta e baixa densidade e outros)
 - Tratamentos termoquímicos: incineracións (tipos) e outros (gasificación, pirólise etc.)
 - Tratamentos bioquímicos: aerobios, anaerobios e outros
 - Tratamentos fisicoquímicos: para plásticos, vidro, papel e cartón e outros
- Tema 5. Conceptos da lexislación específica sobre residuos: ámbito local, autonómico, estatal e europeo

O exame tipo test terá unha duración máxima de dúas horas e un valor máximo de 100 puntos.

Neste exercicio o tribunal determinará a puntuación mínima que se require para superar a proba, en función da complexidade técnica das preguntas formuladas e/ou do número de persoas aspirantes presentadas.

A puntuación do test virá dada pola fórmula seguinte:

- $Pt = A - (EB / (n - 1))$
- Pt = puntuación resultante
- A = respostas correctas
- EB = respostas erróneas ou en branco
- N = número de opcións de resposta en cada pregunta

Na corrección do exercicio garantírase o anonimato, de forma que quedarán automaticamente anulados os exames asinados, os que conteñan datos que identifiquen a persoa asinante ou os que teñan marcas ou sinais que puidesen romper o anonimato. O mesmo sucederá cos que resulten ilexibles.

As puntuacións obtidas no test serán publicadas no taboleiro de anuncios da Deputación e na súa páxina web, e as persoas aspirantes terán un prazo de dous días hábiles –contados a partir do día seguinte ao desta publicación– para presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Resultas, de ser o caso, as alegacións presentadas, ou transcorrido o citado prazo, convocarase ás persoas aspirantes que superaron o test para a realización da entrevista persoal.

SEGUNDA FASE. Entrevista persoal, de carácter obrigatorio e non eliminatorio.

Consistirá na realización dunha entrevista persoal coas candidatas e candidatos que acaden a puntuación mínima requirida na primeira fase.

A entrevista persoal versará sobre o seu currículo, obxectivos profesionais, dispoñibilidade etc., e permitirá comprobar a preparación das candidatas e candidatos.

Terá unha valoración máxima de 20 puntos.



Luns, 5 de febreiro de 2018

Núm. 25

A Comisión seleccionadora convocará ás persoas candidatas para a entrevista persoal nun único chamamento, quedando decaídas no seu dereito aquelas que non comparezan no lugar e día sinalados.

O día despois de rematar as entrevistas persoais a Comisión publicará no taboleiro de anuncios e en www.depo.es as puntuacións outorgadas.

Sumadas as puntuacións da primeira e da segunda fase, a Comisión seleccionadora propondrá as 30 persoas aspirantes con maior puntuación para a realización do curso de formación de mestras e mestres composteiros.

TERCEIRA FASE. Curso de Formación de Mestra ou Mestre Composteiro, de carácter obrigatorio e eliminatorio, cunha duración de 6 semanas.

Consistirá na superación das materias impartidas ao longo do propio curso, no cal todos os seus módulos serán avaliados polo profesorado correspondente e dos que se extraerá unha media ponderada como nota final.

Finalizado o curso, a Comisión seleccionadora propondrá a adxudicación das 25 bolsas convocadas ás persoas aspirantes que obtivesen a maior puntuación no Curso de Formación de Mestra e Mestre Composteiro.

A incorporación efectiva das bolseiras e bolseiros producirase de xeito inmediato.

O resto de aspirantes que superasen o curso pasarán a formar parte dunha lista de reserva para os casos de ampliación do número de bolsas, renuncia, incumprimento de obrigas, incapacidade sobrevida ou calquera outra causa que implique a perda da condición de bolseira ou bolseiro das persoas aspirantes elixidas.

Así mesmo, expedirase un diploma acreditativo da realización do Curso de Formación de Mestra e Mestre Composteiro a todas as persoas aspirantes que o superen.

Novena. Adxudicación das bolsas

O Servizo de Recursos Humanos e Formación, á vista das actas da Comisión seleccionadora, tramitará o correspondente expediente para a resolución do procedemento e a súa aprobación pola Xunta de Goberno da Deputación, especificando candidatas e candidatos titulares e suplentes para os casos nos que conorra algún dos supostos sinalados no apartado anterior.

A resolución, que pon fin á vía administrativa, publicarase na páxina do organismo provincial, con expresión da identidade da bolseira ou bolseiro.

Contra esta resolución poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), ou, directamente, un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décima. Condicións xerais

Establécense as seguintes condicións xerais:

1. As bolsas terán unha duración de 1 ano, contados desde a data que figure no acordo de adjudicación da bolsa, prorrogable por outro ano por acordo da Xunta de Goberno, sempre que exista dotación orzamentaria. En caso de urxencia poderá prorrogarse por Resolución presidencial dando conta á Xunta de Goberno

2. As bolsas serán incompatibles con calquera outra actividade remunerada, calquera que sexa a súa natureza

3. As persoas beneficiarias comprometeranse a observar o horario de traballo e a disciplina da Administración onde se desenvolva a súa práctica laboral co fin de non entorpecer o labor do persoal do centro, e non poderán exceder como media dun máximo de 37,5 horas semanais

4. O feito de aceptar e facer uso destas bolsas non xera ningunha relación laboral nin funcional coa Deputación de Pontevedra nin cos concellos nos que se desenvolvan as actividades da práctica laboral, polo que non implica, en consecuencia, ningún tipo de compromiso para un posterior contrato ou vinculación con este organismo provincial nin cos referidos concellos

5. O pagamento do importe da bolsa realizarase por mensualidades vencidas. As cantidades correspondentes estarán suxeitas ás retencións que procedan, de conformidade co previsto no R. d. 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, así como na Orde pola que se desenvolven as normas reguladoras da cotización á Seguridade Social para o ano 2017

6. No caso de producirse algunha baixa ao longo do primeiro ano e resultar vacantes, estas serán cubertas sucesivamente polas seguintes persoas clasificadas nas puntuacións finais do curso de formación

Décimo primeira. Xustificación e renovación da bolsa

1. Para tramitar a prórroga da bolseira ou bolseiro será necesaria a seguinte documentación:

- Memoria da bolseira ou bolseiro sobre o conxunto dos traballos realizados, na que especifique os obxectivos conseguidos, a metodoloxía empregada e os principais resultados dos estudos practicados
- Informe de avaliación da titora ou titor no que deberá indicar se procede ou non a prórroga

A antedita documentación (a memoria e o informe) deberá presentala a persoa responsable do servizo ou centro do que dependan as bolseiras e bolseiros no Rexistro xeral da Deputación cun mes de antelación á data prevista de finalización.



Luns, 5 de febreiro de 2018

Núm. 25

2. A Xunta de Goberno, previo informe da xefa do Servizo de Recursos Humanos e Formación, resolverá esta solicitude tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias e o aproveitamento demostrado pola borseira ou borseiro.

Décimo segunda. Revogación e reintegro da bolsa

En calquera momento a Xunta de Goberno poderá, a proposta da técnica do Plan Revitaliza e mediante unha resolución motivada, revogarlle a bolsa á persoa adxudicataria que non cumpra debidamente as condicións esixidas nestas bases ou as normas xerais de funcionamento da entidade, aténdose ao establecido nos artigos 36 e seguintes da LXS, e suspendendo o aboamento da bolsa.

Neste senso, daranse por finalizadas as prácticas da borseira ou borseiro cando conorra algunha das seguintes causas:

1. Renuncia voluntaria por parte da borseira ou borseiro, que implicará a perda dos dereitos formativos e económicos que puidesen corresponderlle
2. Incumprimento das obrigas dalgunha das partes
3. Baixa por incapacidade temporal de duración superior a trinta días ou,
4. No caso de maternidade, unha vez transcorridas as seis semanas de permiso obrigatorio, salvo que a borseira se reincorpore de maneira voluntaria ás prácticas da bolsa da Deputación, tras a súa renuncia presentada no INSS polo tempo restante ao que ten dereito.
5. Mutuo acordo entre a entidade e a borseira ou borseiro

De concorrer algunha das causas previstas no artigo 37 da LXS poderá esixirse o reintegro total cando a persoa beneficiaria incumpra total e absolutamente as condicións impostas para a concesión e a execución da bolsa

Décimo terceira. Suspensión

En caso de maternidade, enfermidade ou accidente, a borseira ou borseiro percibirá a prestación correspondente da Seguridade Social. Nese caso, a Deputación non complementará ningunha cantidade adicional á citada prestación.

A mencionada situación non ocasionará a finalización das prácticas, salvo que a ausencia exceda os trinta días nos casos de enfermidade ou accidente e as seis semanas de permiso obrigatorio, salvo que a borseira se reincorpore de maneira voluntaria ás prácticas da bolsa da Deputación, tras a súa renuncia presentada no INSS polo tempo restante ao que ten dereito. No suposto de que se supere este prazo, o organismo provincial poderá dar por concluída a práctica laboral da borseira ou borseiro.



Luns, 5 de febreiro de 2018

Núm. 25

Décimo cuarta. Renuncia

No caso de que a bolseira ou bolseiro renuncie antes da finalización do período de prácticas, deberá presentar no Rexistro xeral da institución provincial a correspondente solicitude dirixida ao Servizo de Recursos Humanos e Formación e informar previamente a súa titora ou titor.

Nesa situación a persoa responsable do Servizo poderá solicitar que se cubra a bolsa que queda vacante polo tempo restante (sempre que sexa igual ou superior a 1 ano) cunha persoa candidata suplente, segundo a orde de puntuación obtida no curso de formación.

Décimo quinta. Obrigas e dereitos da bolseira ou bolseiro*Obrigas:*

1. Respetar en todo momento a normativa da entidade, seguir as instrucións que esta lles dea e cumprir o programa formativo
2. Desenvolver unha actitude favorable e aplicarse con total dilixencia e aproveitamento
3. Observar e cumprir o horario das prácticas (daranse uns máximos permitidos de atrasos ao comezo do curso)
4. Cumprir as medidas de prevención que en cada caso se deban adoptar, pola súa propia seguridade e saúde e pola daqueloutras persoas ás que poida afectar a súa actividade, a causa dos seus actos ou omisións
5. Usar adecuadamente as máquinas, aparellos, ferramentas, substancias perigosas etc. que utilice no seu proxecto, de acordo coas instrucións do fabricante ou da persoa responsable das prácticas
6. Utilizar correctamente os medios e equipos de protección facilitados pola entidade, de acordo coas instrucións recibidas
7. Gardar con absoluto rigor o segredo profesional sobre calquera información que poidan chegar a coñecer en relación coa actividade que se vai desenvolver
8. Asistir ás accións formativas relacionadas coas súas prácticas que organice a Deputación dentro da xornada laboral
9. En caso de enfermidade ou accidente, a bolseira ou bolseiro deberá comunicarlle a súa situación á institución provincial presentando o oportuno parte médico xustificativo
10. En caso de renuncia, a bolseira ou bolseiro terá a obriga de comunicarlle ao Servizo de Recursos Humanos e Formación do organismo provincial con 3 días hábiles de antelación

Dereitos:

1. Ser informados sobre a forma de proceder en caso de emerxencia, primeiros auxilios ou evacuación



Luns, 5 de febreiro de 2018

Núm. 25

2. Recibir a información necesaria en materia de prevención de riscos laborais e sobre as instalacións nas que se desenvolven as prácticas

3. Gozar do permiso necesario para a realización de exames de carácter oficial, achegando a correspondente xustificación

4. Gozar dun permiso de 2 días hábiles de descanso por cada mes de prácticas, que se poderán solicitar de forma independente por meses ou ao final do período

Décimo sexta. Responsabilidades

As persoas beneficiarias destas bolsas estarán sometidas ás responsabilidades e ao réxime sancionador que, sobre infraccións administrativas en materia de subvencións, establecen os artigos do 52 ao 69 da LXS.

Décimo sétima. Devolución da documentación

Transcorridos 6 meses desde o final do proceso selectivo a documentación presentada polas persoas aspirantes ás bolsas, excepto a instancia, será destruída, polo que se lles recomenda ás persoas interesadas que a retiren no referido prazo

Décimo oitava. Comisión de seguimento

Para a supervisión e control das prácticas constituirase unha Comisión de seguimento, coa finalidade de resolver as incidencias e dúbidas que se produzan no seu desenvolvemento.

A Comisión estará presidida por unha deputada ou deputado provincial ou a persoa en quen delegue, e estará integrada por dous membros do persoal técnico da Deputación e o asesor de residuos.

A Comisión terá as seguintes competencias no desenvolvemento do programa de prácticas:

1. Garantir que as prácticas se correspondan cos compromisos asumidos
2. Resolver os problemas que se susciten na súa execución
3. Proponer medidas en relación ás incidencias que xurdan durante a realización das prácticas

A Comisión reunirse cando así o considere necesario con calquera das partes, e como mínimo antes de que finalice o período de duración das prácticas.

Décimo novena. Dereitos supletorios

A convocatoria, a selección das persoas candidatas e a realización dos traballos que dan dereito ás bolsas suxeitaranse ao previsto nestas Bases, na LXS e na LPACAP.

Pontevedra, 19 de xaneiro de 2018

O deputado delegado

O secretario

Carlos López Font

Carlos Cuadrado Romay

